

LA IMATGE PERMANENT

Laura Ferrés, 2023

1208

ESTREA EN NUMAX: 11.12.2023 | V.O.S.E. | +7 | 93 min

Nunha vila do sur, Antonia, unha nai adolescente, desaparece no medio da noite. Cincuenta anos máis tarde e moitos quilómetros ao norte, Carmen, unha directora de cásting algo introvertida, debe atopar persoas que conten os seus recordos tras cambiar de cidade. Durante a súa procura, Carmen coñece a Antonia, unha muller impulsiva que invade a súa soidade. Quen dixo que o tempo cura todas as feridas?

«Un dos mellores debuts que deu o cinema español contemporáneo nos últimos anos»

Carlota Moseguí, CINEMANÍA



Notas da directora

Por Laura Ferrés

Despois de retratar a miña familia paterna en *Los desheredados* (2017), quixen facer algo coa miña familia materna. Porén, os meus filmes non son autobiográficos, gozo traballando con elementos reais, pero amoldándoos a vontade para crear unha mellor verdade. La imatge permanent trata do que queda gravado na nosa memoria para formular unha pregunta: quen dixo que o tempo cura todas as feridas? Esa idea parte das cancións e historias dos traballadores que migraron de Andalucía a Cataluña na España da posguerra. Precisamos ficcións nas nosas vidas e o desexo de ficción non se atopa só no cinema, senón tamén na música, as historias orais, as supersticións.

Unha anécdota familiar que me impresionou é o non recoñemento dun fillo por parte da súa nai. Esta historia permítame falar non xa da maternidade senón dunha fantasía persoal: desaparecer. A idea da desaparición materialízase nos que desapareceron por causa da guerra e na partida de Antonia que, movida pola necesidade da ficción, cruza o umbral para descubrir outro mundo. Todo trata dun movemento demográfico de grande importancia no meu país, pero tamén conecta co miolo do cinema e da vida mesma: todos buscamos algo sen saber a onde nos vai levar.

Por outro lado, as cancións que cantaba a miña avoa na maioría das coplas e cancións republicanas tiveron grande impacto na miña formación. Fixeron parte da banda sonora da miña infancia, aínda que me levou anos entender tanto o significado como o contexto sociopolítico das letras. E retratar o proceso de peche da empresa de meu pai ou as cancións populares da miña avoa é a miña maneira de empregar o cinema como ferramenta antropolóxica sen esquecer o seu potencial poético.

A idea de retratar a maioría destas escenas como viñetas pareceume atinada para falar das imaxes como lembranzas. E un dos elementos máis importantes do cinema é o tempo: non creo que o cinema deba imitar a realidade; debe actuar sobre a realidade. En resumo, a estrutura elíptica do guión fíxome pensar que esta debe ser unha película sobre o tempo, os seus cambios e a súa permanencia. O filme traballa sobre máis dualidades: o campo e a cidade, o pasado e o presente, unha fuxida e unha busca, a escuridade e a tenrura...

Tamén me pareceu interesante que haxa un contraste entre o artificio e o naturalismo, xa que rodei sen actores profesionais en moitos lugares reais pero a posta en escena é lúdica: a película en si está dividida en partes, muda o punto de vista e as transicións son desconcertantes para rachar as expectativas do espectador. Se unha película trata das mutacións do tempo, creo que a narración tamén debe mutar.

Tratei de crear un mundo coa súa propia lóxica, que non se explicase con palabras. En troques, repetín accións, imaxes e sons, mesmo desincronizados, para debuxar experiencias como ecos de feitos pasados. Por exemplo, o filme comeza e remata con Antonia nun estudio fotográfico. Podemos observar o paso do tempo no rostro da muller. En realidade, tamén podería ser unha película sobre rostros. Mesmo sobre caras de cans ou de paxaros.

Ao igual que Carmen, eu traballei como directora de cásting, son unha apaixonada da fotografía, gústanme sobre todo os retratos e as fotografías de rúa e tamén me interesan os filmes que conectan o que se conta co "como". A maquinaria do cásting permítame traballar sobre estas ideas, porque unha audición é un retrato dunha persoa. E, volvendo á idea de buscar algo, tamén me pareceu suxestivo empregar o traballo de directora de cásting de Carmen para atopar a Antonia sen saber que están conectadas.